

Unha colección de retratos para retratar a pintura galega

NCG exhibe a transformación da arte do país na primeira metade do século XX

CAMILO FRANCO
SANTIAGO / LA VOZ

Quizais o retrato atravesou a historia como un xénero útil. E todo o útil ten unha valoración menor na escala artística. A exposición *Faces do país. O retrato en Galicia 1890-1950* ten unha dobre vocación. Dunha parte, ofrecer unha lectura do xénero retratístico durante unha etapa chave no desenvolvemento da pintura en Galicia. Doutra, ofrecer unha lectura transversal da transformación que a arte galega foi desenvolvendo nese mesmo período.

O retrato resultante da proposta é, segundo o seu comisario, Carlos López Bernárdez,

«unha demostración máis de que a arte galega estivo sempre en relación cos movementos artísticos internacionais».

A mostra, que permanecerá no centro social de Novacaixa-galicia de Santiago ata novembro antes de trasladarse a Pontevedra, está organizada en tres capítulos de carácter cronolóxico. O primeiro é o cambio de século, o segundo son as primeiras décadas do século pasado e o terceiro reúne o tempo da guerra e da posguerra. Para o comisario, colocar o peche en 1950 «débase a que ese foi un momento de inflexión internacional para o retrato que tamén afectou a Galicia».

Como síntese, Bernárdez ar-

ROSTROS PARA UNHA HISTORIA




Laxeiro
Autorretrato do artista do ano 1952.



Eugenio Granell
Datado en 1944, así se vía o artista.



Maruja Mallo
Datado en 1951 e titulado «Muller loura».



Colmeiro
Obra de 1949 na que debuxou ao doutor Cáceres.



Arturo Souto
Detalle do retrato do pintor Diego Rivera de 1931.



Luís Seoane
retrato de Lourenzo Varela pintado en 1950.



Julia Minguillón
A artista pintou a súa familia no ano 1944.



Castelao
«No faetón de Rianxo a Santiago», retrato de grupo datado en 1908.



FOTOS ÁLVARO BALLESTEROS

gumenta que hai dúas actitudes fundamentais no retrato en Galicia, «o ideal de evasión en contraste co enfrontamento máis rotundo co real».

No conxunto dos 55 retratos que protagoniza a exposición hai unha amplísima variedade de propostas que reflicte tamén a variedade de correntes artísti-

cas que se foron dando ao longo deses anos. Sinala o comisario que se poden ver casos de correntes clasicistas, como Álvarez de Sotomayor ou Lloréns, e simbolistas como Corredoyra. Apuntando tamén como o xénero recolleu os cambios propios da modernidade con artistas como Carlos Maside, Laxeiro, Cán-

dido Fernández Mazas, entre outros. Sinala ademais Bernárdez que neste último caso o retrato «tamén é capaz de recoller e inserir contidos sociais». Engade que tamén se aprecia a influencia das vangardas europeas en casos como os de Castelao ou Arturo Souto, presentes na mostra.